



camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

Camiño Escena Norte leva este venres 6 a Ames 'Baby Esferic', un espectáculo para público infantil e familiar que rende homenaxe á Terra

**Cunha linguaxe delicadamente visual e cunha fonda estética minimalista,
a compañía de teatro vasca Aboon Teatro propón unha fermosa e divertida
viaxe para redescubrir o noso planeta**

**A entrada para os dous pases (18 e 19 horas Casa da Cultura do Milladoiro)
é de balde, previa retirada de convite en abilleiteira.concellodeames.gal**

3 de outubro de 2023.- Camiño Escena Norte, o proxecto de intercambio cultural a través das artes escénicas no que participan compañías teatro, danza e novo circo de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, chega esta fin de semana á localidade de **Ames**. Este venres, 6 de outubro, ofrecerá unha **dobre función do espectáculo infantil e familiar *Baby Esferic*, da compañía vasca Aboon Teatro**, na Casa da Cultura do Milladoiro. A entrada é gratuíta, previa retirada de convite a través da páxina web municipal abilleiteira.concellodeames.gal

Baby Esferic é un espectáculo innovador que propón despertar a imaxinación de toda a familia, á ver que rende unha homenaxe á Terra. **Sen texto, e cunha linguaxe delicadamente visual e estética minimalista**, é unha divertida viaxe para redescubrir e emocionarnos co noso fogar a través dos ollos das máis pequenas e pequenos. A peza fala da maxia que nos une ao planeta e aos seus habitantes a través de diferentes historias e paisaxes. Unha grande esfera branca é a protagonista, e que se transforma en diferentes lugares e simpáticos animais, coma medusas que emerxen do fondo do mar, tartarugas milenarias que amosarán o ciclo da vida, abellas recolectoras que cooperan ou, incluso, un boneco de neve que chegará desde o Ártico. A obra está dirixida, especialmente, a bebés de 6 meses a tres anos e cada función ten unha duración duns 30 minutos e, a continuación, conta con 15 minutos de espazo de xogo coas familias.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



www.escenanorte.com





camiño
escena
norte

camín
escena
norte

camino
escena
norte

ipar
eszena
bidea

De cara á vindeira semana, Camiño Escena Norte continuará o seu percorrido por **Viveiro, Carballo, Vimianzo e Portomarín**, con espectáculos como **Sexpiertos** -gañadora do Premio Max Mellor Labor de Producción 2023-, que ofrecerá unha función o venres 13 en Viveiro e outra o sábado 14, en Carballo; **Misery**, a adaptación da novela de terror de Stephen King, que chegará o sábado 14 a Vimianzo; e **Malabaracirco**, espectáculo de novo circo que se poderá ver en Portomarín o domingo 15.

PROGRAMACIÓN CAMIÑO ESCENA NORTE 2023

- 06.10 | Ames: *Baby Esferic*, de Aboon Teatro (Euskadi).
- 13.10 | Viveiro: *Sexpiertos*, de Tanttaka Teatroa (Euskadi).
- 14.10 | Carballo (FIOT): *Sexpiertos*, de Tanttaka Teatroa (Euskadi).
- 14.10 | Vimianzo: *Misery*, de Saltantes Teatro (Asturias).
- 15.10 | Portomarín: *Malabaracirco*, de Circus Magníficus (Cantabria).
- 20.10 | Lugo: *La bestia negra*, de Proyecto Piloto (Asturias).
- 22.10 | Santiago de Compostela: *Fronterizas*, de Mari Paula Dance & Performance (Cantabria).

Para máis información

PRENSA CEN Galicia | Lucía Pita. 675 404 321 - lucia.pita@theofficeco.es

Kit de prensa CEN Galicia 2023

<https://www.dropbox.com/sh/1dmvyakxkd344ip/AAAvOHlgnmz-fkORZlpyXfxYa?dl=0>

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILAK:



www.escenanorte.com

